



Concello de Vigo
Praza do Rei, 1
36202 Vigo

Patrim.pdg
ABI/2018/0004


De conformidade co disposto no parágrafo segundo do artigo 153.1 da Lei 6/2023, de 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, solicítase procedan á exposición pública no taboleiro de anuncios dese concello, por prazo non inferior a trinta días naturais, da *Resolución do 12 de abril de 2024, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, pola que se acorda a incoación do procedemento para a declaración da Comunidade Autónoma de Galicia como herdeira ab intestato de Dna. Josefa Reimundo Caramés*, que se xunta a este escrito.

Rematada a exposición, deberán devolver certificación na que conste a data e o prazo de exposición, aos efectos da súa incorporación ao expediente administrativo.

Santiago de Compostela, *á data da sinatura electrónica,*

A xefa de sección do Servizo de Protección e Defensa Patrimonial
Ana Paula David Giráldez







RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, POLA QUE SE ACORDA A INCOACIÓN DO PROCEDIMENTO PARA A DECLARACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA COMO HERDEIRA *AB INTESTATO* DE DONA JOSEFA REIMUNDO CARAMÉS.

Dona Josefa Reimundo Caramés, con DNI: 33.688.866-F, nada en Ribadeo (Lugo) o 19 de maio de 1924, faleceu o 7 abril de 2011 en Vigo (Pontevedra), con derradeiro domicilio, segundo o padrón municipal de habitantes, na rúa Coruña desa cidade, datos que figuran comprobados xunto co da súa veciñanza civil galega, no informe preliminar do 12 de abril de 2024 do Servizo de Protección e Defensa Patrimonial da Subdirección Xeral do Patrimonio. O devandito informe foi emitido logo da realización das actuacións previas precisas que levan a considerar procedente a apertura do procedemento administrativo para a declaración da Comunidade Autónoma de Galicia como herdeira *ab intestato* da sinalada persoa causante, pola presunta ausencia doutros herdeiros con dereito a suceder preferente ao da Administración autonómica, de conformidade co disposto na Lei 2/2006 de dereito civil de Galicia.

Segundo o anterior, en exercicio das competencias atribuídas á Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio nos artigos 4 da Lei 6/2023, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e no seu Título III, así como nos artigos 4 e 7 do Decreto 113/2022, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública,

RESOLVO:

1º.- Incoar procedemento para a declaración da Comunidade Autónoma de Galicia como herdeira *ab intestato* de dona Josefa Reimundo Caramés.

2º.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial do Estado, no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Consellería de Facenda e Administración Pública, Área Temática de Patrimonio, Anuncios, que se poderá consultar na seguinte ligazón: <http://www.conselliadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/anuncios>

3º.- Remitir copia da presente resolución aos concellos de Vigo e Ribadeo, así como a calquera outro no que durante a instrución deste procedemento se detecten bens





da persoa causante, para a súa exposición pública no seu taboleiro de anuncios, por prazo non inferior a trinta días naturais.

O prazo máximo ordinario para resolver este procedemento é dun ano a contar desde a data de adopción da presente resolución.

Con anterioridade á resolución do procedemento, calquera persoa interesada poderá presentar alegacións ou achegar os documentos e outros elementos de xuízo que considere oportunos, que se dirixirán á Consellería de Facenda e Administración Pública, Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, Subdirección Xeral do Patrimonio, Código expediente ABI/2018/0004, Edificio Administrativo San Caetano - Bloque nº3, CP 15781 - Santiago de Compostela.

Conforme ao previsto no artigo 112.1, parágrafo segundo, da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, contra a presente resolución non se poderá interpor recurso administrativo, sen prexuízo de que as alegacións de oposición a este acto de trámite que se presenten durante o procedemento, sexan obxecto de consideración, se procede, na resolución que poña fin ao procedemento.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica.

O secretario xeral técnico e do Patrimonio
Jorge Atán Castro

